

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO***ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE***

1. Constitúe o feito imponible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Salvaterra de Miño, o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprilo produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas nos artigos 5 da Lei 20/86 de 14 de maio, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos, no artigo 13 do R.D. 833/88 de 20 de xullo, e preceptos concordantes.

2.-Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non, habitados ou utilizados.

3. Considéranse, a efectos desta ordenanza, residuos sólidos urbanos, os residuos procedentes de vivendas, edificios, centros públicos e privados sen excepción ningunha; os mobles, enseres e trastos inútiles, así como os xerados en establecementos de toda clase, industrias, clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e establecementos análogos sempre que, consorte á lexislación vixente en materia de residuos, teñan a consideración de residuos sólidos urbanos ou asimilables a estes.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufructuario, habitacionista ou arrendatario.

2. Para o caso das vivendas, son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte e obrigados ó pagamento da taxa os propietarios e usufructuarios das mesmas, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas ós usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

Igualmente, no caso de establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que se atopen pechados ou sen uso, serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios.

ARTIGO 3. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente do pagamento desta taxa xunto cos suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os beneficiarios da prestación do servizo por utilizar ou ocupar as vivendas ou locais.

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 y 42 da Lei Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades mailos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA.

1.-A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coa seguinte Tarifa:

Conceptos:

Vivenda:

-Na vila	60,33
-Nas parroquias	43,87
Comercio	
- Ata 50 m2.....	106,04
- Máis de 50 m2.....	129,59
Bar	169,00
Restaurante	234,00
Banco ou Caixa	585,03
Clínicas Médicas	130,00
Industrias:	
- De ata 250 m2	325,00
- De 251 a500 m2	487,53
- De 501 a1.000 m2	565,37
- De 1.001 a1.500 m2	688,29
- De 1.501 a2.000 m2	811,19
- De 2.001 a2.500 m2	934,10
- De 2.501 a3.000 m2	1.057,00
- De 3.001 m2 a 3.500	1.179,93
- De 3.501 m2 a 4.000	1.302,83
- De 4.001 m2 a 4.500	1.425,73
- De 4.501 m2 a 5.000	1.548,65
- Máis de 5.000.....	1.671,55
Talleres, en xeral.....	221,22
Concesionario automóbiles con taller	376,10
Oficinas.....	127,82
Área de servizo	737,45
Gasolineira.....	397,00
Supermercados:	
De ata 200 m2.....	200,00
De mais de 200 m2 a 700 m2	397,00
De mais de 700 m2 a 1.700 m2	800,00
De mais de 1.700 m2 a 2.700 m2	1.500,00
De mais de 2.700 m2	2.500,00
Tendas de alimentación	104,37
Ferretería.....	467,04
Residencias 3º Idade	934,72
Residencia, Hotel de ata 10 Habitacións.....	250,00
De mais de 10 habitacións a 25 habitacións	492,00
De mais de 25 habitacións	983,27

No suposto de que dentro dunha vivenda se realice actividade económica, aplicarase a cota correspondente á actividade realizada.

Se nun mesmo local ou recinto se exerceran varias actividades polo mesmo titular, estarán obrigados a contribuír pola cota que lle corresponda segundo o cadro de tarifas sinalado anteriormente, procedendo a aplicar aquela que resulte de maior importe entre as de aplicación das actividades desenvolvidas.

No caso de que varias persoas xurídicas ou persoas físicas realicen diferentes actividades compartindo un mesmo local, procederá a cada unha delas a cota que resulte de aplicación segundo o apartado 2, epígrafes B. C. e D. do presente artigo, reducida nun 30 %. Exceptúase desta redución do 30 % aquelas actividades con volume de residuos superior a 1.000 litros/día, nas que se aplicará o apartado 2 epígrafe E do presente artigo.

Entenderase, ós efectos da aplicación deste apartado, que un local é compartido, cando exista comunicación interior entre as dependencias nas que se desenvolven as diferentes actividades, podendo accederse directamente dunhas a outras. Igualmente, considérase que dúas ou máis actividades de diferentes titulares comparten local cando ocupan espazos diferenciados, aínda que non exista delimitación física.

Cando unha industria, comercio ou establecemento ocupe máis dunha planta, ademais da tarifa aplicable pola actividade que realice satisfará por cada unha das demais plantas a cota de vivenda.

As industrias, talleres en xeral e concesionario automóbiles con taller nos que o servizo de recollida de residuos estea contratado con algunha empresa especializada, presentará o contrato de recollida. No caso que a mesma empresa que produce os residuos os elimina ela mesma en dita empresa presentará un certificado que así o manifieste, aplicaranse as seguintes tarifas:

Industrias:

- De ata 250 m2	162,50
- De 251 a500 m2	243,76
- De 501 a1.000 m2	282,68
- De 1.001 a1.500 m2	344,15
- De 1.501 a2.000 m2	405,60
- De 2.001 a2.500 m2	467,06
- De 2.501 a3.000 m2	528,51
- De 3.001 m2 a 3.500	589,97
- De 3.501 m2 a 4.000	651,42
- De 4.001 m2 a 4.500	712,87
- De 4.501 m2 a 5.000	774,33
- Máis de 5.000	835,78
Talleres, en xeral	110,62
Concesionario automóbiles con taller.....	188,05

Para a aplicación das tarifas mencionadas anteriormente será necesario a xustificación documental consistente en contrato, convenio, certificación ou calquera outro documento onde quede suficientemente acreditado o cumprimento desa contratación”.

ARTIGO 5. EXENCIÓNS.

Establécese unha exención do 100% da Taxa polo servizo de recollida de lixo para as vivendas cunha distancia do contenedor igual ou superior aos 250 metros, previa solicitude expresa da exención por parte do contribuínte.

ARTIGO 6. BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7. DEVENGO E PERIODO IMPOSTIVO.

- O período impositivo coincidirá co ano natural.
- O devengo da taxa prodúcese o 1º de xaneiro de cada ano e as cotas serán irreductibles. Non obstante, procederá o prorrateo por semestres naturais, nos casos de alta ou baixa no Padrón, xa sexan por vivendas de nova construción, por cambios de titularidade ou por comezo ou cese do exercicio dunha actividade profesional.

As altas no Padrón surtirán efectos no semestre en que se soliciten e as baixas surtirán efectos no semestre seguinte a aquel en que se soliciten.

ARTIGO 8. INGRESO.

Unha vez producida o alta, a Taxa exaccionarase por padrón, esixíndose o importe da mesma no prazo que sinala a Lei Xeral Tributaria para as débedas por recibo.

ARTIGO 9. INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS.

No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas